

BUÑUEL EN EL LABERINTO DE LAS TORTUGAS

518

[Salvador Simó Busom, 2019]

ESTREA: 25.05.2019 | V.O. | +12

Buñuel en el laberinto de las tortugas (2019, 84')

Dirección: Salvador Simó Busom

Guión: Eligio R. Montero, Salvador Simó Busom
(Cómic: Fermín Solís)

Elenco (voces): Jorge Usón, Fernando Ramos, Luis Enrique de Tomás, Cyril Corral, Pepa Gracia, Rachel Lascar, Gabriel Latorre, Philipp Nowicki, Fermín Núñez

Son: Juan Ferro

Montaxe: José Manuel Jiménez

Dirección de arte: José Luis Ágreda

Música: Arturo Cardelús

Fotografía: Jose Manuel Piñero

Produtora: Sygnatia, The Glow, Submarine (España)

Distribuidora: Wanda Visión

Formato de proxección: DCP2K, 2.39:1

Idioma orixinal: Español, francés

PREMIOS E FESTIVAIS

Málaga 2019 (Mellor Banda Sonora)

SINOPSE

Filme sobre a rodaxe na rexión extremeña de Las Hurdes, a cargo do mestre Luis Buñuel, do seu filme *Las Hurdes, tierra sin pan*, en 1933. Adaptación do cómic homónimo de Fermín Solís.

«Un drama duro e dolorosamente tenro que evita caer nas falsas esperanzas ou no sentimentalismo barato»

Peter Travers, ROLLING STONE



BUÑUEL EN EL LABERINTO DE LAS TORTUGAS

[Salvador Simó Busom, 2019]

EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

“Dixen que non ía facer un filme sobre Luis Buñuel, senón sobre Luis, de trinta e dous anos»

Entrevista con Salvador Simó
Por Albert Martínez

Que conta o filme? É un filme de animación para adultos que trata temas de adultos, centrado no momento en que Luis Buñuel empezou a rodar o documental de Las Hurdes. Ao mesmo tempo é unha ficción porque desa época non hai material abondo para facer un documental de todo o que pasou, co cal nos permitimos o luxo de interpretar nós a historia como nos parecía. Si que hai cousas reais: o tema do filme é unha historia de amizade entre Ramón Acín e Buñuel. Acín era un artista de Huesca polifacético, anarquista, unha persoa encantadora que cando Buñuel non tiña diñeiro para poder realizar o documental de Las Hurdes despois de facer *El perro andaluz* e *La edad de oro* —que estiveran prohibidas e foran un escándalo que provocou que ninguén llo dese— díxolle entre copas que se lle tocaba a lotaría lle pagaría o filme. E ás tres semanas tocoulle a lotaría e efectivamente Ramón cumpriu a súa palabra e deulle vinte mil pesetas daquela para que o fixera. É unha historia de amizade que nós queremos

contar: unha historia entre eles dous na que Ramón acabou adoptando un protagonismo moi importante —el era un artista bastante descoñecido e espero que despois do filme o sexa algo menos, porque era unha persoa entrañábel. Todo o demais... hai cousas que pasaron e outras que non, inventámolas. De entre todos os personaxes que interviron na historia eliminamos os que non foron esenciais e centrámonos en catro, que son Buñuel, Éli Lotar, Pierre Unik —un poeta surrealista e xornalista francés que traballou xunto a Buñuel no documental— e Ramón Acín. Éli Lotar foi quen lle presentou a Buñuel o proxecto ao caer nas súas mans unha tese sobre Las Hurdes realizada por Maurice Legendre e publicada en 1927 onde contaba o que ocorría alí realmente, e estaba a buscar a un realizador español. En calquera caso, o importante é que o espectador cando vaia ver o filme o pase ben e atope ocasión para rir e chorar.

Como director, achegarte para plasmar un momento na vida dun realizador tan coñecido universalmente que tipo de aproximación te levou a facer?

Alégrome de que me fagas esta pregunta. Estudei dirección de cinema de imaxe real e coñecía a Buñuel como persoa que gusta do cinema e como estudante que o respectaba, pero cando me propuxeron facer o filme pois claro que pensei «e como o fas?». A miña cabeza fixo clic nun momento e dixen «non, isto non pode ser así», perdínlle totalmente o respecto a Buñuel e dixen «non vou facer un filme sobre Luis Buñuel, senón

sobre Luis, de trinta e dous anos». A historia fala do momento no que el estaba realizando o documental sobre Las Hurdes, remarcando que nós facemos un filme sobre Luis, non sobre Buñuel. Dígoo porque nós coñecemos a Luis Buñuel despois de facer moitos filmes, pero esa persoa non é o Luis Buñuel que nós presentamos; nós presentamos un artista que tiña 32 anos, que acababa de facer un par de filmes que foran daquela maneira, e si que tiveran moito balbordo, pero non era un director de renome nin era o director que máis tarde foi. En Las Hurdes entrou Luis e saíu Buñuel, foi unha rodaxe que significou moito para el, dalgunha maneira os dous filmes que fixera antes estaban moi influenciados por Dalí, baseados nun surrealismo da imaxe, do ser por ser: cando Dalí e Buñuel facían *brainstorming* as ideas que valían eran as que non tiñan ningún tipo de explicación, e iso era a esencia do surrealismo, facer este tipo de historias mentais. Despois de Las Hurdes, cando dezasete anos máis tarde Buñuel fixo o seu primeiro filme de autor, fixo *Los Olvidados*, que non deixa de ser unha consecuencia de Las Hurdes, e a partir de entón o surrealismo de Buñuel é un surrealismo máis baseado no home, máis baseado na sensación e no que pensa a persoa, no que sente. Por iso é un surrealismo que nos chega tanto. Eu creo que ese cambio se produciu precisamente en Las Hurdes, porque viu a miseria da xente e viu que, aínda que moitos digan que non, había xente que morría de fame.

Publicado en <https://losdelsotano.blogspot.com>
Tradución: Olalla Cociña

NA LIBRARÍA NUMAX

Buñuel en el laberinto de las tortugas,
Fermín Solís. Reservoir Books

MARTA XA TEN O SEU ABONO COLABORA

E ti, a que agardas para abonarte?



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártea.
#eusondenumax

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

